

Estás convidad@:

O vindeiro sábado 25 de abril terá lugar en Pontevedra unha xornada sobre

TELEFONÍA MÓBIL E SAÚDE: por unha regulación en base a criterios de saúde.

Recentemente, puidemos ver cómo o sistema económico no que nos estivemos movendo durante décadas, cambaléase pola falta de control e as ansias de gañar diñeiro duns poucos. O mesmo está a pasar coas comunicacións inalámbricas no seu despregue caótico.

Despregue caótico que esta a continuar mentres dende as institucións europeas se nos informa de que os límites de exposición ás emisións electromagnéticas (como a que aplica a normativa estatal española) **se consideran obsoletos para protexer a saúde da poboación**



(especialmente dos grupos máis vulnerábeis) **e deben ser reducidos** ([Resolución do Parlamento Europeo 04.09.08](#), [Declaración da Axencia Europea de Medio Ambiente 17.09.07](#)).

Partindo de que os emisores de Campos Electromagnéticos “poden producir efectos adversos para a saúde humana”, a [Resolución do Parlamento Europeo de 2 de abril de 2009](#), chama a aplicar o **principio de precaución**: diminución e adecuación dos valores de exposición (baseados nos efectos biolóxicos), potenciando estratexias (compartir infraestruturas para reducir mastros) e tecnoloxías que reduzan a súa exposición; participación das asociacións de veciños na implantación de antenas ou liñas de alta tensión, **garantindo ao menos unha distancia prudencial de escolas, garderías, residencias de anciáns e centros de saúde**; mapas de exposición aos CEM co acceso público en Internet; campaña de sensibilización xeral aos mozos sobre o uso racional do teléfono móbil, denunciando as campañas de comercialización agresivas dirixidas a nenos e mozos (incluído o teléfono móbil infantil e “os minutos gratis”); recoñecemento do carácter invalidante da electrosensibilidade; ...

Esta xornada do día 25 pretende trasladar este debate as nosas comunidades (no campo educativo, social, científico, legal e de regulación municipal) para ver cómo aplicar o **principio de precaución no noso medio na procura de compatibilizar criterios de saúde e novas tecnoloxías**.

Participa na xornada e na súa difusión! Consulta o [programa](#)

Unha aperta.